## COTIZACIÓNS SUBASTA DE GANDO DO DÍA 22/07/2008

LONXA AGROPECUARIA DE GALICIA

Feira Internacional de Galicia
Silleda - Pontevedra
Tlfno 986-580050 / Fax 986-580162

| BECERROS RECRÍA | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 132.034 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 763 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 701 | | |

| RAZA FRISÓN | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 20 DÍAS | 77 | 72 |
| BECERROS DE 21 A 50 DÍAS | 94 | 88 |
| BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS | 114 | 125 |

| RAZA CRUCES INDUSTRIAL | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 20 DÍAS | 280 | 192 |
| BECERROS DE 21 A 50 DÍAS | 286 | 206 |
| BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS | 306 | 228 |

| RAZA RUBIA GALEGA | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 25 DÍAS | * | * |
| BECERROS DE 26 A 50 DÍAS | 315 | 255 |
| BECERROS DE 51 A 120 DÍAS | 467 | 286 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

| VACUNO MAIOR | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 179.303 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 299 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 268 | | |

| CATEGORÍA | PRECIO SEMANAL |
|---|---|
| VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U | 1.428 |
| VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R | 970 |
| VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O | 529 |
| VACAS CATEGORÍA DESFEITO P | 254 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

| BECERROS CARNICEIROS | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 54.335 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 82 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 62 | | |

| PRECIOS KG/ VIVO | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| RAZA FRISÓN | 1,80 | * |
| RAZA CRUCE INDUSTRIAL | 2,20 | 2,71 |
| RAZA RUBIA GALEGA | 2,31 | 2,32 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

LONXA AGROPECUARIA DE GALICIA

Semana 30

**MESAS DE PREZOS SEMANA DO 22/07/2008**

(Adxúntase evolución da cotización dos coellos)

## PORCINO CEBADO

| EURO./KG. VIVO S/G | EUROS KG. | DIF. |
|---|---|---|
| CARNICEIRO | 1,590 | +0,03 |
| SELECTO | 1,345 | +0,03 |
| NORMAL | 1,320 | +0,03 |
| CASTRADO | 1,530 | +0,03 |
| CANAL II | 1,714 | +0,039 |
| DESVELLE | 0,74/0,80 | 0,00 |

**Reacciona o mercado do cebo:** Tras o punto de inflexión marcada na pasada semana cunha lixeira suba das cotizacións, o mercado comeza a despexar as incógnitas marcadas no mes de xuño, onde factores esóxenos (paro do transporte e de veterinarios) afectaron sobre o mercado, contendo as cotizacións cando estas deberían marcar as máximas subas anuais. Tras este parón, o agardado cambio chega, ainda que lóxicamente con algunha semana de atraso, pero marca o agardado cambio na tendenza do cebo: En primeiro a oferta está posta ao día e a tendenza dos Mercados Europeos é sorprendentemente positiva.

**Situación do mercado**: Falaremos dos **"4P" (Pesos, Prezos Europeos, Pensos e Petróleo)**. Pesos: ainda co lixeiro repunte desta semana, estes comezan a baixar aos níveis habituais (as altas temperaturas, implica lento crecemento e escasa oferta); Prezos Europeos: as cotizacións no norte de Europa manténense estábeis, tras a forte suba da semana pasada, nunha época do ano na que tenden reducirse ; facilítase así a exportación intracomunitaria, máxime tendo en conta a falta de vivo nestes países do norte; o terceiro e cuarto P (negativos), é o que se refire aos insumos; en canto aos concentrados manteñen de momento unha senda expansiva; os carburantes, ainda que parecen estabilizarse, manteñen uns altos prezos encarecendo con isto o transporte.

## BACORIÑOS

| BASE 20 KGS. | EUROS KG. | UNIDADE | DIF |
|---|---|---|---|
| SELECTO | 1,35 | 27,00 | 0,00 |
| NORMAL | 1,30 | 26,00 | 0,00 |

**Terceira estabilidade nas cotizacións dos bacoriños:** Tras seis semanas sen cotizaren, os bacoriños voltaron a acadar cotización na lonxa do pasado 8 de xullo, despois de que na sesión do 27 de maio, os axentes participantes na Lonxa Agropecuaria de Galicia decidiran deixalo sen cotización ao situarse este por baixo do limiar dos 25 €.

**Situación de mercado**: Maior movemento no mercado dos bacoriños, ainda que compre ter en conta algunhas variábeis que limitan o mercado; **1º** As cotizacións son moi inferiores aos custos de produción, polo que o negocio exclusivo do bacoriño segue sendo ruinoso ; **2º** Os efectos do agardado incremento nas cotizacións do cebo ainda non se deixa notar; **3º** A oferta de momento é abondosa; **4º**. Os mercados Europeos de referencia (como Holanda que é o principal exportador) tímidamente comeza na presente semana a colocar xénero noutros países do Leste, ainda que as exportacións cara a Península son de momento moi limitados existindo certa presión ainda da oferta sobre unha demanda de momento escasa. O mercado, paseníñamente, debería comezar a rexurdir.

## *OVOS*

| CLASE | EUROS BRANCOS | DIF. | MOUROS | DIF. |
|---|---|---|---|---|
| XL | 1,52 | 0,00 | 1,52 | 0,00 |
| L | 1,20 | 0,00 | 1,20 | 0,00 |
| M | 1,08 | 0,00 | 1,08 | 0,00 |
| S | 0,85 | 0,00 | 0,85 | 0,00 |

**Firmeza no mercado do ovo:** O mercado do ovo mantense estabilizado por cuarta semana consecutiva despois da reactivación que se veu dando ao longo do mes de xuño. A situación de sobrante queda definitivamente atrás, e as baixas nas cotizacións producidas nos primeiros meses deste ano, parece que reactivaron a demanda.

Intúese un lixeiro cambio de tendencia cun consumo inicialmente máis positivo, polo que o mercado encara con fortaleza o último trimestre do ano que é cando se acadan estacionalmente as máximas anuais do ovo.

## *GALIÑAS DE DESVELLE*

| | *EUROS* KG. | DIF |
|---|---|---|
| **SEMIPESADAS 2,100 A 2,200 KGS** | **0,25/0,37** | **0,00** |

**Duodécima semana con estabilidade nas cotizacións das galiñas, e sen previsión de cambios**: A firmeza no mercado das galiñas nos últimos meses é a tónica xeral en todos os mercados Estatais (a estabilidade nas cotizacións repítese dende a última semana de abril). O mercado caracterízase polo equilibro (baixa oferta estrutural ao baixar o censo das galiñas nos últimos anos).

As cotizacións son un 42% superiores ás de hai un ano.

## *COELLO*

| GRANXA EN VIVO | *EUROS* KG. | DIF |
|---|---|---|
| NOVO | **1,19** | **-0,15** |

**Situación extrema:** A forte baixa producida nas dúas últimas sesións (-35 céntimos; -22,73%) marcan as cotizacións máis baixas dende o comezo desta crise (tan só o 18 de xaneiro de 2005 se rexistrou unha cotización máis baixa). Así, cunhas cotizacións moi inferiores aos custos de produción, e cuns prezos dos concentrados á alza, a produción revélase; porén os matadoiros, atópanse cun consumo escaso e cunha demarraxe das cotizacións en Portugal que afonda máis na dualidade existente entre o Levante - Resto da Península.

**LONXA AGROPECUARIA DE GALICIA**
Recinto feiral, s/n
36540 Silleda - Pontevedra
Telf: 986 577000 Fax: 986 580162
www.aferial.com / www.agrolonxa.com / www.feiragalicia.com
xabier@agrolonxa.com

**En colaboración coa:**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
medio rural

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
medio rural

LONXA AGROPECUARIA DE GALICIA

# COTIZACIÓNS COELLO

